



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA
<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org CIF: G-15037211

Sra. Conselleira
 Consellería de Medio Ambiente e
 Ordenación do Territorio
 Xunta de Galicia

ASUNTO: Segunda resposta insatisfactoria á pregunta sobre axotamento de porco bravo (*Sus scrofa*) no "Canaval do Ulla" dentro da "ZEC ES1140001 Sistema fluvial Ulla-Deza".

Serafín J. González Prieto, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural (en adiante SGHN), na súa cualidade de Presidente da asociación,

EXPÓN:

1. Que a segunda resposta recibida da Dirección Xeral de Patrimonio Natural en relación coa solicitude de información ambiental feita por SGHN segue a ser insatisfactoria pois non facilita unha copia dos informes emitidos ao respecto pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio senón que indica que SGHN poderá exercer o seu dereito de acceso a dita información personándose (previa cita con 24 h de antelación) na Xefatura Territorial da CMAOT da Coruña.
2. Que, en pleno século XXI, con tódolos medios técnicos a disposición da Consellería que vostede preside resulta incomprendible e inaceptable que a Xefatura Territorial da CMAOT da Coruña e/ou a Dirección Xeral de Patrimonio Natural non envíen a SGHN unha copia en formato electrónico da información solicitada.

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio que vostede preside:

1. Proporcione á SGHN toda a información relativa a dito axotamento de porco bravo que obre no seu poder, xunto cos criterios e condicionado de aprobación, así como o(s) nome(s) e cargo(s) da(s) persoa(s) que o aprobaron.
2. Proceda á apertura inmediata dun expediente informativo para depurar as posibles responsabilidades administrativas e penais dos responsables de autorizar dita actuación claramente contraria ao espírito e a letra da lexislación estatal (Lei 42/2007, Real Decreto 139/2011) e autonómica (Decreto 88/2007, Decreto 75/2013).

En Santiago de Compostela a 22 agosto de 2017

Serafín González Prieto
 Presidente SGHN



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
 REGISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

ENTRADA 19225 / RX 2087702

Data 23/08/2017 11:03:41

